



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DA CORUÑA



CMUS  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

**Modelo MD85PRO01**

**Programación de Itinerario de Composición**

**6º de Grao Profesional**

**Curso 2024-25**



## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introducción .....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>5</b>
4.1	Educación en valores .....	5
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	6
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>6</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>6</b>
6.1	Obxectivos .....	6
6.2	Contidos.....	7
6.3	Avaliación.....	9
6.3.1	Criterios de avaliação .....	9
6.3.2	Mínimos esixibles .....	11
6.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliação .....	11
6.3.4	Criterios para a obtención de matrícula de honra.....	12
6.3.5	Medidas de recuperación .....	12
6.3.6	Procedementos de recuperación ordinarios .....	13
6.3.7	Probas extraordinarias .....	13
6.4	Recursos didácticos .....	14
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliação e seguimento da programación didáctica .....</b>	<b>15</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliação interna do departamento .....</b>	<b>15</b>



## 1. Introducción

Durante este último curso de grao profesional, os alumnos teñen xa uns coñecementos previos amplos que pódense aproveitar para iniciar ao alumno no estudo da composición e avanzar nunha comprensión das obras musicais que posibilite a súa interpretación adecuada.

Polo tanto, o itinerario de composición está enfocado principalmente hacia aqueles alumnos que desexesen orientarse cara á composición, á dirección, á musicoloxía, á pedagogía, etc. pero sen excluir a calquer alumno que desexe ampliar os seus coñecementos básicos na escritura musical.

O enfoque básico do itinerario de composición basearase no estudo do sistema tonal coa maior profundidade posible, centrándose na práctica do contrapunto simple ou de especies que permite unha escritura horizontal (unha das carencias mais significativas no aprendizaxe musical), e un maior e más profundo coñecemento do coral dentro do estilo de J. S. Bach.

Xunto co estudo das técnicas de contrapunto imitativo e as súas transformacións temáticas, permitirá que o alumno teña recursos suficientes para a realización e unha visión más crara do desenvolvemento temático básico, ademáis de favorecer unha visión combinada entre os fenómenos horizontais e verticais, desembocando na realización da forma canon.

Pero tampouco debe esquencerase a creación de pequenas pezas libres a través do emprego de sinxelas combinacións de melodía acompañada e formas musicais a pequena escala que busca espertar o interese pola composición e, como non, a composición libre, que busca o desenvolvemento da espontaneidade creativa no alumnado.

Así mesmo, o coñecemento básico dos instrumentos e das súas posibilidades técnicas e interpretativas permite adquirir unha serie de recursos que posibilitan unha maior aproximación ao estudo integral das obras, e ademais amplía as posibilidades creativas.

Xunto coa escritura e o coñecemento dos instrumentos, a análise constitúe unha parte imprescindible da disciplina, xa que facilita ao alumnado unha serie de ferramentas metodolóxicas que permite avanzar na comprensión das obras musicais.

Por outra parte, os procedementos diríxense non só á asimilación teórico-práctica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos, senón que pretenden dar un paso cara adiante ao incluír prácticas de identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudiados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.



## 2. Metodoloxía

Organización do tempo e do espazo: as clases serán de 60 minutos en unha única sesión semanal. Os recursos materiais básicos de que disporá a aula serán un piano, un encerado con pentagramas, as tizas ou os rotuladores non permanentes e borradores adecuados.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de biblioteca, busca de partituras, archivos de audio, libros especializados...

Fomento da lectura; enfocado hacia a literatura musical, procurando que teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos.

Funcionalidade dos contidos; ao tratar a funcionalidade dos contidos os enfocaremos desde dous puntos de vista diferenciados: en primeiro lugar, tendo en conta que os coñecementos adquiridos sexan aplicables á hora de realizar novas aprendizaxes en relación coa nosa materia e, en segundo lugar, observando a necesidade deses contidos en estudos posteriores ou, simplemente, como parte destacada na formación global do alumnado.

Búscase en todo momento fomentar a creatividade do alumnado e a racionalización dos procesos compositivos en base a un fin último: o propio desenvolvemento creativo e interpretativo do alumno.

Búscase a interiorización de todos os novos elementos e a reorganización dos contidos xa coñecidos polo alumnado o longo da toda a súa formación, en base a composición básica cun enfoque didáctico e práctico.

- Para conseguir estes fins o aprendizaxe enfocarase básicamente en catro direccións: Realización de exercicios escritos
- Análise de partituras variadas
- A escoita. A audición. O recoñecemento auditivo
- A interpretación instrumental

### 3. Atención á diversidade

---

O alumnado que chega a estes últimos cursos do grao profesional, na maioría dos casos son compatibilizados con outros estudos de réxime xeral. Cabe esperar que a diversidade do alumnado veña determinada por dous motivos:

- A idade, xa que no grao profesional non hai límite de idade para o seu acceso
- Pola especialidade instrumental que cursa.
- As necesidades específicas de apoio educativo, serán requeridas polo alumnado de tardía ou temperá incorporación ao sistema educativo (doutras nacionalidades, precoz...), alumnado con sobredotación intelectual, con algúun tipo de discapacidade física (visual, dificultades na mobilidade...).
- apoio a este alumnado realizarase de maneira coordinada polo titor ou titora e coa colaboración do equipo docente das materias que curse, procurando a eliminación de barreiras físicas e socioculturais, o reforzo educativo na medida das súas necesidades, a adaptación dos materiais curriculares e a introducción de actividades de motivación e integración

### 4. Temas transversais

---

#### 4.1 Educación en valores

Tendo en conta as características da materia do itinerario de composición, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como recitais dos alumnos tocando pezas compostas na aula e outras posibles actividades relacionadas coa materia.



## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de biblioteca, busca de partituras, arquivos de audio, libros especializados...

Utilización de elementos técnico-informáticos disponibles na aula.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Tendo en conta as características da materia de itinerario de composición e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de Fundamentos de composición, procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia.

## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Obxectivos

1. Coñecer os principais elementos e procedementos do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre, e comprender a evolución das regras históricas (contrapunto severo), así como a súa relación cos estilos e coas épocas.
2. Utilizar os principais elementos e procedementos estudiados do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre.
3. Compor pequenas obras a partir dun esquema harmónico dado.
4. Realizar pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.
5. Escoitar internamente os elementos e os procedementos estudiados, tanto na análise de obras como na realización de exercicios escritos.



6. Identificar os procedementos aprendidos a través da audición de obras ou de exercicios escritos.
7. Coñecer os instrumentos, as súas posibilidades e a técnica básica.

## 6.2 Contidos

Os contidos da materia son os seguintes:

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Contrapunto simple a dúas voces
  - Estudo dos Cantus firmus.
  - Normas básicas de realización nas cinco especies a dúas voces.
  - Realización de traballos a partires de cantus firmus dados seguindo as normas básicas e de libre realización.
  - Análise de exemplos de contrapunto a dúas voces.
  - Práctica auditiva e instrumental dos exercicios realizados.
- Estudo do coral “a capella” no estilo de J. S. Bach.
- Contrapunto imitativo: a imitación directa, por movemento contrario, retrógrada, retrógrada contraria e por aumentación e diminución.
  - Coñecemento das distintas formas imitativas.
  - Realización de traballos onde se traballe o contrapunto imitativo.
  - Análise de obras ou fragmentos identificando os distintos tipos de imitación.
  - Práctica auditiva e instrumental dos exercicios realizados.
- Construcción de frases simples.
  - Motivos.
  - Periodos/frases.
  - Consideracións melódicas: relacóns interválicas, direccionalidad, rexistro e fraseo.
  - Consideracións rítmicas: Fórmulas rítmicas na elaboración de células, motivos, semifrases e frases.
  - Consideracións harmónicas.
  - Estudo analítico dos elementos constituíntes na elaboración de frases/periodos.
  - Estudo auditivo dos elementos constituíntes na elaboración de frases/periodos.



- Fomento da autocrítica en traballos propios e alleos.

#### SEGUNDO TRIMESTRE:

- Contrapunto simple a tres e catro voces.
  - Normas básicas de realización nas cinco especies a tres e catro voces.
  - Realización de traballos a partires de cantus firmus dados seguindo as normas básicas e de libre realización.
  - Análise de exemplos de contrapunto simple a tres e catro voces.
  - Práctica auditiva e instrumental dos exercicios realizados.
- Estudo do coral “a capella” no estilo de J. S. Bach (continuación).
- Canon a dúas voces á oitava.
  - Normas básicas de realización dos canon a dúas voces á oitava.
  - Realización de canon a dúas voces á oitava.
  - Análise de exemplos de canon a dúas voces á oitava.
  - Práctica auditiva e instrumental dos exercicios realizados.
- Contrapunto imitativo (continuación).
- Construcción de frases simples:
  - O acompañamento.
  - Creación de acompañamientos básicos.
  - Estudo analítico de obras ou fragmentos onde se presenten distintos motivos de melodía acompañada.
  - Estudo auditivo da melodía acompañada.
  - Fomento da autocrítica en traballos propios e alleos.
- Composición de pequenas obras a partir de esquemas harmónicos dados.
- Realización de composicións libres tonais ou modais.

#### TERCEIRO TRIMESTRE:

- Canon a dúas voces á oitava (continuación).
- Composición de pequenas obras a partir de esquemas harmónicos dados: formas binarias e ternarias.



- Composición de pequeñas obras libres que empleen a textura de melodía acompañada e formas breves.
  - Técnicas básicas de orquestación.
  - A variación: diversas técnicas.
8. Realización de composicións libres modais ou tonais.

### 6.3 Avaliación

Ó comezo do curso realizarase unha avaliación inicial para comprobar os coñecementos adquiridos nas materias de harmonía e análise en cursos anteriores.

A nota final dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais e, das probas trimestrais e a final. Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5.

O alumnado que non acade unha avaliación positiva na convocatoria ordinaria de maio:

- Disporá doutra convocatoria extraordinaria no mes de xuño.
- Recibirá, adxunto ás súas cualificacións, un informe do profesor no que se lle indicarán tanto os motivos de dita avaliación negativa como o traballo e actividades que debe levar a cabo para poder aprobar a materia na convocatoria de xuño.

#### 6.3.1 Criterios de avaliação

##### Criterios de avaliação xerais

Dado que os criterios de avaliação miden o grao de consecución dos obxetivos, estes repítense aquí, engadindo os criterio de avaliação relacionados:

##### Criterios de avaliação para o 1º, 2º e 3º Trimestre:

1) Realizar exercicios de contrapunto simple ou de especies a dúas, a tres e a catro voces nas combinacións clásicas.

➤ Búscase avaliar a capacidade do alumnado para crear liñas melódicas interesantes e equilibradas.

➤ Búscase avaliar a destreza na superposición, que permitirá abordar a realización de obras en que se presenten, ademais, problemas formais.



2) Realizar imitacións utilizando as técnicas de imitación transformativa: movemento contrario, retrógrado, retrógrado contrario, aumento e diminución.

- Búscase avaliar a asimilación por parte do alumnado das técnicas de imitación transformativa e o seu funcionamento.
- Búscase avaliar a habilidade para obter o máximo partido da utilización do contrapunto imitativo.

3) Realizar canons por movemento directo a dúas voces á oitava.

- Búscase valorar a capacidade do alumnado para crear liñas melódicas interesantes cuxo funcionamento canónico sexa equilibrado harmonicamente e contrapuntísticamente, e orixine unha forma global coherente e proporcionada.

4) Analizar corais a capella no estilo de J. S. Bach.

- Búscase avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer os elementos e os procedementos utilizados nas obras ou nos fragmentos propios deste xénero no estilo de J. S. Bach.

5) Escribir breves pezas a partir dun esquema harmónico dado.

- Preténdese verificar a capacidade creativa do alumnado no emprego e na combinación dos contidos estudiados, así como a súa achega persoal aos traballos realizados.

6) Realizar e compoñer pequenos traballos e obras libres.

- Búscase valorar a capacidade para, a partir das suxestións que esperte no alumnado o contacto analítico e práctico cos procedementos compositivos das distintas épocas, compor pequenas obras libres en que poida desenvolver a súa espontaneidade creativa.
- Tamén pódese avaliar a capacidade para extraer consecuencias dos materiais escollidos e resolver os problemas que poida presentar o seu tratamento.

7) Utilizar instrumentos na composición de exercicios ou pequenas obras.

- Preténdese comprobar o grao de coñecemento dos instrumentos que posúe o alumnado.
- Tamén preténdese comprobar a idoneidade de elección instrumental e dos recursos utilizados.

8) Identificar auditivamente errores en exercicios preparados con esta finalidade, e propor soluciós.

- Búscase avaliar a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos de realización ou estilo que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas.

10) Identificar, mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor soluciós.

- Búscase valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor soluciós adecuadas.

### 6.3.2 Mínimos esixibles

A nota final dependerá do seguimento individual do alumno, e das probas trimestrais e da final. A proba trimestral e a final consistirá na harmonización dun Baixo/Tiple combinado ou na realización dun exercicio de contrapunto, na análise dunha obra ou fragmento musical e na creación dunha pequena peza (as probas pondéransen a partes iguais).

Ao final do curso, o alumno deberá presentar os traballos realizados ó longo deste. Para poder aprobar o curso, a nota final deberá ser igual ou superior a 5.

### 6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos de avaliación serán:

- **Traballo diario do alumno:** a través das revisións periódicas dos seus cuadernos e dos traballos, así como preguntas e exercicios propostos para clase ou casa, e a actitude que teñan respecto á asignatura. Suporá o 70% da nota do trimestre: o número de exercicios mínimos a realizar por trimestre será de dous
- **Proba ou probas obxetivas trimestrais:** suporá o 30% da nota do trimestre. Poderán estar constituídos por un ou máis dos seguintes exercicios:

- **Probas escritas:** que obriguen ao alumno á realización de exercicios relacionados con contidos do curso e/ou responder preguntas (curtas ou de desenvolvemento).
- **Probas compositivas** propostas esquemáticamente polo profesor.
- **Probas orais:** moi adecuadas para, ademais de valorar os coñecementos do alumno, que aprendan a desenvolverse nunha situación na que poida haber oíntes (público ou tribunal examinador). Consistirá na explicación, reflexión e xustificación dos



elementos, procedementos e técnicas empregadas nun exercicio compositivo proposto polo profesor o do propio alumno.

#### 6.3.4 Criterios para a obtención de matrícula de honra

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra concederase ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de técnicas compositivas aplicadas á didáctica
- As propostas do departamento elevaránse á Comisión de Coordinación Pedagólica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

#### 6.3.5 Medidas de recuperación

O Itinerario de Composición ten unha avaliación continua. Se ó remate do 3º trimestre a avaliación fose negativa, realizarase unha proba final única a mediados de maio que consistirá:

- Exercicio compositivo a partir da proposta do profesor en relación aos contidos completos da materia

- **Proba oral:** consistirá na explicación, reflexión e xustificación dos elementos, procedementos e técnicas empregadas no exercicio compositivo anterior ou dos traballos que o alumno debe entregar previamente.
- **Entrega traballos (mínimo 3)** a determinar polo docente dos contidos da materia (serán proporcionados con 7 días de antelación).

#### 6.3.6 Procedementos de recuperación ordinarios

A proba realizarase a mediados do mes de maio na aula e no horario correspondente á materia arecuperar. A nota final da materia constará: desta proba obxetiva (30%) así como os exercicios e traballos do último trimestre (70%). Para unha avaliación obxetiva desta proba o alumno deberá ter un 5.

#### 6.3.7 Probas extraordinarias

Realización dunha proba única que consistirá:

- **Exercicio compositivo** a partir da proposta do profesor en relación aos contidos completos da materia.
- **Proba oral:** consistirá na explicación, reflexión e xustificación dos elementos, procedementos e técnicas empregadas no exercicio compositivo anterior ou dos traballos que o alumno debe entregar previamente.
- **Entrega traballos (mínimo 3)** a determinar polo docente dos contidos da materia (serán proporcionados con antelación ao alumno, polo que o alumno terá que poñer en contacto co profesor no mes de maio).
- Para unha avaliación obxetiva desta proba o alumno deberá ter un 5 : a ponderación destas notas será 60% (exercicio compositivo); 10% (proba oral); 30% (traballos).

A duración desta proba non excederá de dúas horas e será convocatoria única.

## 6.4 Recursos didácticos

### BIBLIOGRAFÍA:

- FORNER, Johannes / WILBRANDT, Jürgen: Contrapunto creativo. Ed. Labor. Barcelona, 1993.
- MOTTE, Diether de la: Contrapunto. Ed. Labor. Barcelona, 1991.
- PISTON, Walter: Contrapunto. Ed. Labor. Barcelona 1992.
- SALZER, Felix / SHACHTER, Carl: El contrapunto en la composición. Idea Books. Barcelona, 1999.
- SCHOENBERG, Arnold: Ejercicios preliminares de contrapunto. Ed. Labor. Barcelona, 1990
- SCHÖNBERG, Arnold: Funciones estructurales de la armonía. Ed. Idea Books, S.A. Barcelona, 1999
- SCHÖNBERG, Arnold: Fundamentos de composición. Ed. Real Musical. Madrid 1989.



## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da sua evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos par ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

## 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grão de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de harmonía, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudio, facultades, talento, esforzo, interés no estudio, etc.

Comentánse regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagógica os puntos que os profesores estimen necesarios.

Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado,



ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aosprofesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.